



Campus UDC ≡ Universidade saudable

- 1. INTRODUCCIÓN**
 - 2. OBXECTIVOS**
 - 3. ORGANIZACIÓN**
 - 4. BOAS PRÁCTICAS**
 - 4.1. UNIDADES E SERVIZOS**
 - 4.2. CENTROS E DEPARTAMENTOS**
 - 4.3. INVESTIGACIÓN**
 - 4.4. ASISTENCIA E DESENVOLVEMENTO SOCIOCOMUNITARIO**
 - 5. PROPOSTA DE LIÑAS DOCENTES E OUTRAS ACTIVIDADES**
 - 6. PROPOSTA DE LIÑAS DE INVESTIGACIÓN**
 - 7. RECURSOS**
-

1. INTRODUCCIÓN

O Claustro da Universidade da Coruña (UDC) aprobou na súa sesión do 4 de decembro de 2013 o Plan estratéxico da UDC 2013-2020. O devandito plan é un documento de referencia que ha de guiar os obxectivos da institución nos vindeiros anos e que define como imos afrontar no curto prazo a nosa responsabilidade de prestarmos un servizo público fundamental para o progreso e o benestar da sociedade. Así, neste documento identifícanse cinco áreas estratéxicas ás cales se asocian varios obxectivos e establécense liñas de actuación concretas para o seu cumprimento: docencia e aprendizaxe; investigación, innovación e transferencia; internacionalización; responsabilidade social; e, por último, financiamento e uso eficiente dos recursos.

Entre os obxectivos estratéxicos da área de responsabilidade social sinálase o papel das universidades como impulsoras do cambio social, o compromiso da UDC como universidade responsable do seu impacto ambiental e o seu apoio aos principios de igualdade de oportunidades e fomento dunha cultura de non-discriminación. Así mesmo, salienta entre as liñas de actuación asociadas o fomento dos hábitos para atinxir unha universidade saudable.

A Carta de Ottawa para a promoción da saúde (1986) establece a necesidade de crear contornos que apoiem a saúde. A universidade pode ser caracterizada como un destes contornos en tanto que é un centro de traballo, un centro educativo e unha institución de especial relevancia que investiga e garante os avances da sociedade. A UDC non é allea ao valor da saúde e dos seus determinantes e ten realizadas diversas accións para promovelos entre os diferentes colectivos que a integran e desde diferentes servizos. Non obstante, cómpre desenvolver e coordinar estas accións para fortalecermos as condicións sociais e ambientais relacionadas coa saúde colectiva e individual, entendida como calidade de vida.



As universidades son contornos onde as persoas desenvolven actividades diarias e en que interactúan factores ambientais, organizativos e persoais que afectan á saúde e ao benestar. Así mesmo, nelas fórmanse profesionais de campos relacionados coa saúde e co contorno e investígnese nestas áreas. Porén, cómpre afondarmos no proceso de creación de saúde para a comunidade universitaria e a sociedade.

A Rede Española de Universidades Saudables (REUS) está formada por un conxunto de institucións comprometidas coa promoción da saúde no contorno universitario. Trátase dunha iniciativa a favor da saúde en que participan universidades de toda España; a Conferencia de Reitores das Universidades Españolas (CRUE); o Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade; o Ministerio de Educación, Cultura e Deporte e algunhas estruturas autonómicas de saúde pública. Esta rede constituíuse o 22 de setembro de 2008 co obxectivo de reforzar o papel das universidades como entidades promotoras da saúde e o benestar do seu estudiantado, o seu persoal e a sociedade no seu conxunto, liderando e apoiando os procesos de cambio social.

O concepto de universidade promotora da saúde non só implica poñer os medios que conduzan a unha educación para a saúde e a promoción da saúde das mulleres e os homes, senón que tamén comporta integrar a saúde e o benestar na cultura universitaria, nos procesos e no sistema universitario global e na sociedade. A UDC non pode manterse allea ao compromiso de pular os principios, valores e propostas para a promoción da saúde que se defenden desde a REUS, e é o seu desexo apoiar e favorecer o desenvolvemento desta rede, entre cuxos obxectivos podemos citar os seguintes:

- a) Potenciar a universidade como contorno promotor da saúde da comunidade universitaria e da sociedade no seu conxunto.
- b) Fomentar a investigación e a docencia sobre a promoción da saúde.
- c) Favorecer o intercambio de experiencias no ámbito da promoción da saúde.
- d) Promover e favorecer o traballo conxunto entre os organismos de saúde pública, as institucións comunitarias e as universidades.
- e) Consensuar liñas estratéxicas e de traballo para levar a cabo un proxecto de universidade promotora da saúde.
- f) Posibilitar a elaboración e o desenvolvemento de proxectos comúns nas liñas estratéxicas da REUS.
- g) Potenciar a participación internacional.
- h) Fomentar a oferta de servizos e actividades dirixidos a promoveren a saúde da comunidade universitaria.



Desde a súa creación no ano 1989, a UDC vén realizando programas e actividades en consonancia cos principios das universidades saudables. Nesta liña, o proxecto **Campus UDC=Universidade Saudable** xorde coa idea de converter a nosa universidade nun referente de compromiso coa saúde, o benestar e a calidade de vida. Trátase dun proxecto aberto, dinámico e modificable que integra unidades dependentes organicamente de diversas vicerreitorías, así como novas liñas de actuación asistencial, docente, investigadora e comunitaria. Aposta por fomentar o compromiso e a participación da comunidade universitaria na promoción da saúde, a alfabetización en materia de saúde, a prevención da enfermidade, a sustentabilidade ambiental, a integración e inclusión laboral e social, a acción solidaria e a igualdade de xénero.

Este proxecto está inspirado no Plan estratéxico da UDC 2013-2020 e nos plans de actuación específicos das distintas unidades e servizos, entre outros a Área de Deportes, a Unidade de Prevención de Riscos Laborais, Unidade de Atención á Diversidade, a Oficina de Medio Ambiente, o Servizo de Arquitectura e Urbanismo, a Oficina de Cooperación e Voluntariado, a Oficina para a Igualdade de Xénero, o Servizo de Atención e Promoción do Estudantado, o Centro Universitario de Formación e Innovación Educativa, a Escola Infantil e a Universidade Sénior. Así mesmo, tomáronse en consideración as recomendacións da Organización Mundial da Saúde (OMS) e os documentos e propostas dos organismos e universidades que forman parte da REUS.

2. OBXECTIVOS

O programa **Campus UDC=Universidade Saudable** pretende atinxir os seguintes obxectivos:

- a) Acordar liñas estratéxicas e accións transversais de traballo interdisciplinar.
- b) Proseguir coa integración na estrutura, os procesos e a cultura da UDC dun contorno universitario accesible, sustentable e solidario como promotor de saúde, benestar e calidade de vida.
- c) Fomentar a docencia e a investigación na promoción da saúde, a alfabetización en materia de saúde, a prevención da enfermidade, a sustentabilidade ambiental e as políticas de igualdade e solidariedade, entendida esta última como apoio e adhesión circunstancial a unha causa ou ao interese doutros, en situacións difíciles.
- d) Pular a oferta de servizos e actividades da UDC no tocante á saúde, a sustentabilidade ambiental e a solidariedade.
- e) Promover o traballo conxunto e o intercambio de experiencias da UDC con organismos de saúde pública, institucións comunitarias, empresas e outras universidades.
- f) Posibilitar a elaboración e o desenvolvemento de proxectos comúns dentro da REUS.
- g) Potenciar a participación internacional do **Campus UDC=Universidade Saudable**.



3. ORGANIZACIÓN

O programa **Campus UDC=Universidade Saudable** actuará como promotor do traballo en rede entre as unidades, os servizos, os centros e os departamentos da UDC. Co fin de favorecer as actuacións sinérxicas e interdisciplinares, a estrutura organizativa responsable do programa confórmase da maneira seguinte:

- a) Vicerreitor/a responsable da área de responsabilidade social, que actuará como presidente/a.
- b) Director/a do programa.
- c) Comisión técnica nomeada polo Consello de Goberno da UDC por proposta do/a presidente/a do programa **Campus UDC=Universidade Saudable**.
- d) Comisión de apoio, constituída polo/a vicerreitor/a responsable da área de responsabilidade social, ou a persoa en quen delegar, e o/a director/a do programa. Estará aberta á participación dos representantes de centros, departamentos e grupos de investigación, co obxectivo de incorporar progresivamente un/ha representante por cada unha das facultades e escolas da UDC.

4. BOAS PRÁCTICAS

Ao longo do tempo da súa existencia, a UDC vén desenvolvendo accións nos seus centros, departamentos, servizos e grupos de investigación de cara á promoción da saúde entre os distintos colectivos que a integran e a sociedade en xeral. Estas accións poden recollerse nun documento de boas prácticas.

4.1. CENTROS E DEPARTAMENTOS

Na UDC ofértanse as titulacións de grao e posgrao relacionadas coa saúde e a sustentabilidade que se recollen a continuación:

1) Facultade de Enfermaría e Podoloxía

- Grao en Enfermaría
- Grao en Podoloxía
- Mestrado Universitario en Investigación, Ordenación e Avaliación de Servizos Sociosanitarios

2) Facultade de Fisioterapia

- Grao en Fisioterapia
- Mestrado Universitario en Intervención na Discapacidade e na Dependencia

3) Facultade de Ciencias da Saúde

- Grao en Terapia Ocupacional
- Mestrado Universitario en Asistencia e Investigación Sanitaria
- Mestrado Universitario en Xerontoloxía

4) Facultade de Ciencias

- Grao en Bioloxía
- Grao en Química



- Mestrado Universitario en Acuicultura
- Mestrado Universitario en Bioloxía Mariña
- Mestrado Universitario en Bioloxía Molecular, Celular e Xenética
- Mestrado Universitario en Biotecnoloxía Avanzada
- Mestrado Universitario en Ciencias, Tecnoloxías e Xestión Ambiental
- Mestrado Universitario en Neurociencia

5) Facultade de Ciencias da Educación

- Grao en Logopedia
- Mestrado Universitario en Estudos Avanzados sobre a Linguaxe, a Comunicación e as súas Patoloxías
- Mestrado Universitario en Psicoloxía Aplicada
- Mestrado Universitario en Psicopedagogía

6) Facultade de Ciencias do Deporte e a Educación Física

- Grao en Ciencias da Actividade Física e do Deporte

7) Facultade de Ciencias do Traballo

- Mestrado Universitario en Prevención de Riscos Laborais e Riscos Comúns

8) Escola Técnica Superior de Arquitectura

- Grao en Arquitectura
- Mestrado Universitario en Rehabilitación Arquitectónica

9) Escola Universitaria de Arquitectura Técnica

- Grao en Arquitectura Técnica
- Mestrado Universitario en Dirección Integrada de Proxectos
- Mestrado Universitario en Tecnoloxías de Edificación Sostible

10) Escola Técnica Superior de Camiños, Canais e Portos

- Grao en Tecnoloxía da Enxeñaría Civil
- Grao en Enxeñaría de Obras Públicas
- Mestrado Universitario en Enxeñaría de Camiños, Canais e Portos
- Mestrado Universitario en Enxeñaría da Auga

11) Escola Internacional de Doutoramento

- Programa Oficial de Doutoramento DO*MAR Marine Science, Technology and Management
- Programa Oficial de Doutoramento en Bioloxía Celular e Molecular
- Programa Oficial de Doutoramento en Biotecnoloxía Avanzada
- Programa Oficial de Doutoramento en Ciencia e Tecnoloxía Ambiental
- Programa Oficial de Doutoramento en Investigación Agraria e Forestal
- Programa Oficial de Doutoramento en Nanomedicina



- Programa Oficial de Doutoramento en Química Ambiental e Fundamental
- Programa Oficial de Doutoramento en Ciencias da Saúde
- Programa Oficial de Doutoramento en Neurociencia e Psicoloxía Clínica
- Programa Oficial de Doutoramento en Neurociencias
- Programa Oficial de Doutoramento en Ciencias do Deporte, Educación Física e Actividade Física Saudable
- Programa Oficial de Doutoramento en Desenvolvemento Psicológico, Aprendizaxe e Saúde
- Programa Oficial de Doutoramento en Arquitectura e Urbanismo
- Programa Oficial de Doutoramento en Enxeñaría Civil

12) Departamento de Ciencias da Saúde

13) Departamento da Educación Física e o Deporte

14) Departamento de Fisioterapia

15) Departamento de Medicina

4.2. GRUPOS E UNIDADES DE INVESTIGACIÓN

1) Grupo de Investigación Persoa-Ambiente

Este grupo de investigación interuniversitario traballa nos campos da psicoloxía e a educación ambiental, e tamén de forma interdisciplinar nos estudos persoa-ambiente. Arestora está a desenvolver o proxecto europeo coordinado pola UDC “Estilos de vida verde, modelos alternativos e avances cara á sustentabilidade”, unha das apostas da Unión Europea para abordar a transición cara a unha economía verde e unha das prioridades para a investigación en Europa.

2) Grupo de Estudos de Xénero, Actividade Física e Deporte

Velaquí as liñas de investigación deste grupo:

- Saúde, xénero e actividade física
- Historia das mulleres no deporte
- Educación física e xénero: coeducación
- Xestión no ámbito deportivo e xénero
- Deporte e xénero: alto rendemento, deporte de base e deporte para todos/as
- Xénero, actividade física e medios de comunicación

3) Instituto de Investigación Biomédica/INIBIC

No INIBIC están integrados grupos de investigación do Complexo Hospitalario Universitario da Coruña (CHUAC) e da UDC, que desenvolven fundamentalmente o seu traballo nas seguintes áreas:

- Avellentamento, inflamación e medicina rexenerativa
- Enfermidades cardiovasculares e metabólicas
- Neurociencias, oncoloxía e hematoloxía
- Tecnoloxías da saúde, informática biomédica e telemedicina



- Xenética, microbioloxía e medicina molecular
- Saúde poboacional e coidados sanitarios

4) Unidade de Investigación en Intervención e Coidado Familiar

Esta unidade ten o obxectivo de formar profesionais e realizar investigacións na procura da calidade na atención familiar. Con este fin leva a cabo proxectos de investigación multidisciplinar sobre a familia e a saúde, así como sobre os procesos de intervención familiar:

- Deseño de instrumentos de investigación e avaliación para o traballo con familias
- Proxecto sobre intervención multifamiliar en pacientes con enfermidades crónicas e as súas familias
- Proxecto sobre a alianza terapéutica, que valora a relación entre o nivel de alianza coas familias e o progreso e eficacia do tratamento

5) Unidade de Investigación en Saúde e Podoloxía

O obxectivo científico desta unidade é a mellora da saúde en xeral e do pé de maneira especial. Desenvolve as seguintes liñas de investigación:

- Ciencias podolóxicas
- Podoloxía clínica
- Ortopodoloxía e rehabilitación funcional
- Podoloxía preventiva e comunitaria
- Psicoloxía da saúde



6) Unidade de Investigación Mixta en Ciencias da Saúde

As súas principais liñas de investigación céntranse no proceso de atención á saúde-enfermidade, a participación en ocupacións significativas e a súa relación coa saúde e o benestar de persoas en risco de exclusión social ;e o estudo da microbioloxía no proceso de atención á saúde-enfermidade.

7) Grupo de Investigación de Intervención psicosocial e rehabilitación funcional

4.3. UNIDADES E SERVIZOS

1) Deportes

Coa finalidade de crear hábitos de vida saudables na comunidade universitaria e mellorar a súa condición física, a Área de Deportes presta un servizo de prescrición de exercicio físico e pon ao seu dispor instalacións propias e de colaboradores mediante convenio para facilitar a práctica deportiva.

2) Servizo de Prevención de Riscos Laborais/SPRL

O SPRL canaliza as actuacións da UDC en materia de prevención de riscos laborais e mellora continua das condicións de seguridade e saúde no traballo. Coa finalidade de lograr a integración da seguridade e a saúde laboral na actividade universitaria utiliza dúas ferramentas: os cursos de formación e as campañas de información preventivas para a promoción da saúde.

3) Unidade de Atención á Diversidade/ADI

A ADI atende aos membros da comunidade universitaria con necesidades especiais derivadas da discapacidade ou doutras formas de diferenza fronte á poboación maioritaria. Desde esta unidade desenvólvense programas de información dirixidos a estudiantado de ensino secundario e a comunidade universitaria, alén de se lles proporcionar transporte adaptado, asistencia persoal e adaptacións e asesoramento aos membros da comunidade universitaria que o precisen.

Actualmente está a colaborar nun proxecto de inclusión na universidade de persoas con discapacidade cognitiva. Conta tamén coa Aula de Formación en Diversidade, dirixida a todos os membros da comunidade universitaria.

4) Unidade de Formación e Asesoramento/UFA

A UFA planifica os programas de formación do profesorado e o alumnado da universidade, en que teñen cabida cursos sobre sustentabilidade, igualdade de xénero, discapacidade e diversidade entre outros temas. Oferta así mesmo un módulo específico en que se tratan temas de saúde e prevención de riscos laborais.

5) Oficina de Medio Ambiente/OMA

A OMA realiza e coordina as diferentes actuacións de tipo ambiental na UDC. Os seus obxectivos e funcións teñen relación con dous campos prioritarios como son a xestión ambiental e a sensibilización e a participación da comunidade universitaria nas cuestións relacionadas co medio. Na actualidade esta oficina está a desenvolver o programa Green Campus UDC.

6) Oficina de Cooperación e Voluntariado/OCV



A OCV centra as súas accións en tres piares fundamentais: voluntariado, formación e cooperación para o desenvolvemento.

Desde a OCV coordínanse diversos programas de voluntariado dentro do espazo sociosanitario, e realízanse xornadas de sensibilización e acción humanitaria centradas no ámbito da saúde. No terreo da cooperación para o desenvolvemento participase en proxectos de cooperación internacional, moitos deles relativos a temas de saúde.

7) Igualdade

a) Oficina para a Igualdade de Xénero/OIX

A OIX é o órgano responsable do soporte técnico para acadar o cumprimento do principio de igualdade entre homes e mulleres na UDC. A súa finalidade é atinxir unha actividade docente e discente, investigadora e laboral máis igualitaria e que impida calquera manifestación de discriminación por razón de xénero que poida aparecer tanto na universidade como no seu contorno social e cultural.

Para conseguir este obxectivo dispón de dúas ferramentas fundamentais, o I Plan de igualdade entre mulleres e homes da UDC e o Protocolo para a prevención e protección fronte ao acoso sexual e acoso por razón de sexo.

A OIX forma parte da Unidade de Igualdade dentro do Consorcio para o Desenvolvemento de Aplicacións para a Xestión Universitaria de Galicia, cuxa finalidade é levar a cabo accións conxuntas e compartir os recursos para o fomento da igualdade de xénero.

b) Centro de Estudos de Xénero e Feministas/CEXeF

O CEXeF é un espazo de formación e de investigación de carácter aberto e interdisciplinar, en que teñen cabida todas aquelas persoas que traballan en materia de xénero e feminismo. Quere ser un espazo de encontro e de diálogo en permanente contacto coa realidade social máis próxima, así como con redes de traballo e comunicación que permitan establecer conexións con outras latitudes.

c) Aula de Formación para a Igualdade de Xénero/AFIX

A AFIX configúrase como un espazo de formación que pretende dar resposta ou mellorar o coñecemento sobre que é e que significa a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes, para integrala na aplicación práctica do día a día da universidade tanto no ámbito persoal como na actividade docente, discente e do persoal de administración e servizos.

8) Universidade Sénior

A Universidade Sénior ten o obxectivo de atender a demanda educativa das persoas maiores de 50 anos. A Universidade Sénior, como programa de estudos universitarios, desenvólvese nos campus da Coruña e Ferrol e consta dun plan docente distribuído en catro cursos académicos ao cabo dos cales o alumnado obtén o título de graduado/a sénior. Dentro destes contidos ofértanse materias que poden entenderse como docencia saudable, sustentable e solidaria.

9) Fondo Social de Axuda para o Estudo

A UDC defende o acceso universal á educación superior e establece políticas de apoio que



facilitan o acceso á universidade, así como a consecución dun título universitario, aos estudantes en situación de dificultades económicas.

10) Valedor Universitario

A misión do Valedor Universitario é velar polo respecto dos dereitos e liberdades dos membros da comunidade universitaria con independencia, obxectividade e autonomía na procura da mellora da calidade en todos ámbitos da UDC. O Valedor Universitario pode proceder por instancia de parte ou de oficio, e actúa como mediador en situacións de conflito.

11) Cultura

a) NORMAL

NORMAL é un espazo cultural activo, un contedor para a produción/coprodución de iniciativas e proxectos propios, e tamén un espazo aberto á sociedade e aos artistas, ás asociacións e á colaboración institucional. As súas actividades buscan ligar a cultura á vida pública no sentido máis amplo, con atención á reflexión sobre políticas de xénero e cooperación. NORMAL centraliza a oferta de cursos sobre arte, cinema, literatura, música, pensamento e demais actividades culturais da UDC no campus da Coruña.

b) Área de Cultura de Ferrol

Programa a oferta cultural do campus, tanto de cursos e obradoiros como de ciclos de cinema ou exposicións, maioritariamente realizados no Centro Cultural Universitario.

12) Servizo de Normalización Lingüística/SNL

A responsabilidade da UDC co cultivo, a protección e a transmisión dos valores culturais de Galicia implica o deber de avanzar na aplicación das medidas recollidas no Plan de normalización lingüística da UDC. A UDC promove o incremento do uso de galego na docencia como lingua da divulgación da actividade científica na sociedade, e a mellora do prestixio do galego na vida interna da comunidade universitaria. Así mesmo, fomenta a vinculación da lingua galega aos valores de modernidade e excelencia, como marca de identificación e de proxección exterior da institución.

13) Servizo de Arquitectura, Urbanismo e Equipamentos/SAUE

O SAUE ten como misión fundamental arbitrar as solucións e os medios necesarios para que as instalacións universitarias destinadas ao ensino, a investigación, a xestión e o ocio sexan as máis adecuadas, así como os medios materiais de equipamento xeral que se requiran.

Xa que logo, dentro do ámbito arquitectónico e urbanístico da súa competencia, canaliza as actuacións que a UDC realiza para cumprir a normativa vixente en materia de accesibilidade e supresión de barreiras. De igual forma, presta unha colaboración activa nos plans de accións en que participa a UDC rexidos polos principios de vida independente, normalización, accesibilidade universal, deseño para todos/as, diálogo civil e transversalidade das políticas en materia de discapacidade.

4.4. ASISTENCIA E DESENVOLVEMENTO SOCIOCOMUNITARIO

1) Clínica Universitaria de Podoloxía



A Clínica Universitaria de Podoloxía de Ferrol leva a cabo actividades docentes de carácter teórico e práctico dirixidas ao alumnado que cursa o grao en Podoloxía. As súas instalacións están dotadas dos servizos e o equipamento necesario para completar a formación deste alumnado e capacitado para ofrecer unha atención integral. Así mesmo, presta asistencia á comunidade universitaria e a outros colectivos con que mantén convenios de colaboración.



2) Unidade de Investigación en Intervención e Coidado Familiar

A Unidade de Investigación en Intervención e Coidado Familiar busca responder ás demandas e necesidades sociosanitarias e psicolóxicas desde un enfoque centrado prioritariamente nos recursos e no funcionamento dos sistemas familiares. Ofrece atención gratuíta a familias e persoas con problemas diversos a través dun programa sociosanitario que se desenvolve en colaboración coa Xunta de Galicia para a avaliación e o tratamento terapéutico de menores en situación de risco.

3) Observatorio Ocupacional

O Observatorio Ocupacional da UDC é unha unidade de estudos económicos e estatísticos dedicada á análise da inserción laboral dos graduados universitarios da UDC. Realiza un seguimento dos titulados e das súas competencias profesionais co fin de corrixir os desaxustes que poidan detectarse durante o proceso de inserción.

4) Viveiro de Empresas

O Viveiro de Empresas da UDC ten o compromiso de acoller e axudar a xente emprendedora na posta en marcha e a supervivencia dos seus proxectos empresariais. As empresas solicitantes deben ter base tecnolóxica ou certo compoñente innovador e estar promovidas por membros da comunidade universitaria.

5) Programa Comparte

Programa de aloxamento interxeracional desenvolvido conxuntamente polo campus de Ferrol da UDC e o Concello de Ferrol cuxos obxectivos teñen carácter social e solidario, pois pretende dar resposta tanto ás necesidades de compañía das persoas maiores como ás necesidades de aloxamento do alumnado universitario.

5. PROPOSTA DE LIÑAS DOCENTES E OUTRAS ACTIVIDADES

Un dos obxectivos estratéxicos do Plan estratéxico da UDC 2013-2020 é o desenvolvemento de competencias transversais en todas as titulacións para proporcionar unha formación integral das persoas. Con ese fin, propónse que os plans de estudo inclúan:

Estratexias, habilidades e actitudes que conduzan o alumnado a desempeñar a súa actividade profesional nun paradigma social de igualdade, saudable, sustentable e solidario, cunha formulación deontolóxica baseada no respecto e recoñecemento das capacidades do ser humano alén das súas posibilidades físicas, sensoriais ou intelectuais, de forma que o alumnado da UDC coñeza, asuma e exercite as habilidades para a vida, definidas pola OMS, as habilidades psicosociais de comunicación verbais/non verbais e os fundamentos da accesibilidade universal e o deseño para todos e todas.

O Programa **Campus UDC=Universidade Saudable** promove a participación activa e en rede entre os centros, departamentos e unidades e servizos da UDC mencionados neste documento, así como todos aqueles cuxa actividade estea relacionada cos obxectivos da REUS para levar a cabo as seguintes accións:

- Desenvolver actividades de sensibilización e formación de boas prácticas na comunidade universitaria: cursos, conferencias, xornadas e obradoiros, entre outras.
- Promover as políticas de comunicación da UDC saudable na páxina web institucional e nas redes 2.0 da UDC e dos centros, así como noutros medios de comunicación oficiais.



- Optimizar as oportunidades de desenvolvemento activo da saúde, participación e seguridade das persoas maiores, coa finalidade de mellorar a calidade de vida e ofrecer unha imaxe pública positiva deste colectivo.
- Continuar traballando as habilidades para a vida dos membros da comunidade universitaria e da sociedade, de acordo cos criterios da OMS.
- Establecer un protocolo de actuación en cada centro en casos de violencia física e/ou psíquica no traballo.
- Realizar cursos de primeiros auxilios e atención a situacións de emerxencia vital.
- Preparar cursos sobre alimentación e nutrición para a poboación en xeral.
- Desenvolver un programa de axuda a estudantes enfermos.
- Recomendar o exercicio físico á poboación en xeral e ás persoas con diferentes patoloxías, con participación interdisciplinar.
- Propoñer a creación dunha unidade de atención interdisciplinar para a actividade física e a saúde dirixida aos membros da comunidade universitaria que precisen unha atención especializada para a vixilancia da saúde.
- Promover a escola interdisciplinar de costas, en colaboración coa que o SPRL ten en funcionamento.
- Desenvolver actividades interdisciplinares de sensibilización e formación sobre a diversidade funcional, a accesibilidade universal e o deseño para todos/as.
- Implementar un curso estable de lingua de signos para os membros da comunidade universitaria.
- Fomentar o voluntariado dentro da UDC para mellorar a participación en actividades deportivas e sociais do alumnado con diversidade funcional.
- Implementar unha materia optativa sobre muller e deporte.
- Estimular a realización de traballos de fin de grao e de fin de mestrado sobre temáticas relacionadas coa universidade saudable en que participen estudantes de diferentes titulacións.
- Promover a realización de teses de doutoramento nas liñas establecidas no proxecto **Campus UDC=Universidade Saudable**.
- Establecer proxectos de innovación docente nos cales o profesorado inclúa temáticas sobre persoa/contorno saudable/sustentable, para compartir a experiencia en obradoiros de formación.
- Formar o persoal docente e investigador en materia da relación persoa/contorno saudable/sustentable co obxectivo de incluír estas competencias e contidos na actividade docente diaria.
- Promover a alimentación e o consumo saudable e responsable nas cafetarías universitarias e nas máquinas expendedoras instaladas na UDC, en colaboración co programa Green Campus UDC.
- Preparar contidos virtuais sobre o tema da relación persoa/contorno saudable/sustentable para compartir en rede entre o persoal docente e investigador.
- Fomentar a promoción, a alfabetización en materia de saúde e a prevención da enfermidade, incluíndo esta sensibilidade na oferta docente dos diferentes graos e mestrados.
- Levar a cabo unha xornada anual rotatoria nos centros universitarios sobre materias de persoa/contorno saudable/sustentable.



- Instaurar unha xornada/curso de verán anual sobre diversidade e discapacidade na UDC cunha temática específica cada ano.
- Crear un manual de boas prácticas para o profesorado e implementar algún tipo de recoñecemento para aqueles docentes que fagan totalmente accesibles as súas materias.
- Incluír criterios de sustentabilidade ambiental nas guías de harmonización da docencia universitaria (GADU) de todos os títulos: normas ecolóxicas sobre a presentación de traballos, traballos de fin de grao, traballos de fin de mestrado e teses de doutoramento, entre outros.
- Mellorar as infraestruturas da UDC poñendo especial fincapé no cumprimento das normas de accesibilidade.
- Desenvolver un plan de accesibilidade da UDC por campus, con participación interdisciplinar.
- Mellorar as políticas saudables grazas á achega dos coñecementos dos profesionais dos centros, departamento e grupos de investigación.
- Favorecer a relación coas entidades e organismos que xestionan a saúde e a educación na Comunidade Autónoma de Galicia (Consellería de Sanidade; Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria; colexios oficiais e asociacións, entre outros).
- Presentar actuacións saudables, sustentables e solidarias no marco do sistema universitario de Galicia (SUG).
- Desenvolver plans de promoción, alfabetización en materia de saúde e prevención da enfermidade, en colaboración coa Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia.
- Participar activamente na REUS.

6. PROPOSTA DE LIÑAS DE INVESTIGACIÓN

As universidades son institucións de especial relevancia como centros de investigación e garantes dos avances da sociedade do futuro. O proxecto **Campus UDC=Universidade Saudable** quere contribuír a este desenvolvemento científico potenciando a investigación naquelas áreas que contribúen a transformar o contorno universitario nun espazo físico e psicosocial saudable, óptimo para o desenvolvemento persoal e social no tocante a aspectos ambientais, accesibilidade física, igualdade de oportunidades e solidariedade. Xa que logo, propóñense as seguintes liñas de investigación:

- Cidadanía/comunidade/contorno
- Promoción, alfabetización en materia de saúde e prevención da enfermidade
- Accesibilidade universal, adaptación funcional, ergonomía e deseño para todos/as
- Barreiras e produtos de apoio
- Estilos de vida sustentables e economía verde
- Redución das emisións nos lugares de traballo
- Sustentabilidade urbana
- Sustentabilidade ambiental
- Discapacidade no estudantado universitario
- Enfermidade mental na universidade
- Dupla discriminación: ser muller e persoa con discapacidade



- Adaptación de contidos na universidade: como, cando e por que
- Calidade de vida percibida e participación en programas de educación ao longo da vida
- Benestar e avellentamento activo nunha dimensión europea
- Calidade de vida e relación social a través do uso das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) nas persoas maiores

7. RECURSOS

Este proxecto pode ser desenvolvido case na súa totalidade cos recursos humanos e materiais dispoñibles na actualidade nos diferentes centros e servizos.

DILIXENCIA para facer constar que o presente documento composto de 15 páxinas numeradas e seladas, foi aprobado polo Consello de Goberno na súa sesión de data **28 de novembro de 2014**.

O secretario xeral

Asdo. Carlos Amoedo Souto